



DOCUMENTO BASE PARA OS ENCONTROS TERRITORIAIS

Introdución

A conxuntura actual caracterizada polo que se denominou como crise multidimensional é consecuencia do modelo de desenvolvemento impulsado nos últimos séculos e acelerado nas últimas décadas polas políticas neoliberais baseadas nun modelo económico de produción e consumo capitalista que sitúa os intereses do mercado por riba dos dereitos dos pobos, as persoas e a natureza, e que se asenta nunha sociedade heteropatriarcal e colonial firmemente lexitimada.

Vivimos nun contexto de crises múltiples e interrelacionadas (social, de coidados, ecolóxica, económica, alimentaria, política...) que agudizou a pobreza e as desigualdades sociais, xerou procesos de exclusión e instalou unha serie de políticas e prácticas de retroceso significativo en materia de dereitos.

Esta crise ten un impacto especialmente crítico para aquelas persoas e colectivos que viven unhas desiguais relacións de poder determinadas polos eixos de xénero, clase social, etnia, idade, orientación sexual etc. Finalmente, non podemos ocultar que esta crise ademais tivo consecuencias nefastas non só para as persoas senón tamén para o planeta, que vai vendo alterado o seu equilibrio.

Os países enriquecidos non poden vivir só cos bens comúns que existen nos seus propios territorios, precisan as materias primas e os recursos manufacturados dos países empobrecidos para manter os seus niveis de hiperconsumo. Mentres, os Estados membro da Unión Europea, Estados Unidos de América e outros países aproban políticas migratorias de sistemático rexeitamento e expulsión de persoas migrantes e refuxiadas. Colectivos que se ven obrigados a fuxir de países onde precisamente se encontran as materias primas que son acaparadas e expropiadas polos países enriquecidos.

Sen aínda recuperarnos da crise de 2008, asistimos a escala mundial a unha nova pandemia denominada coronavirus (COVID-19) que está a causar fortes estragos. Morte, inasistencia sanitaria, perda de dereitos sociais e laborais, represión e militarismo é o que está a deixar por todo do planeta, pero é, sobre todo, no Sur global onde está a resultar especialmente virulenta dadas as vulnerabilidades e desigualdades previas existentes neses territorios.

Este modelo de desenvolvemento, baseado na gandaría industrial intensiva e a deforestación, pode estar a axudar a que os contactos entre gando e animais salvaxes sexan maiores, o que provocaría a transmisión de enfermidades orixinadas por estes últimos. Así de novo, o modelo de industrialización capitalista pon en evidencia máis ca nunca a incompatibilidade do proxecto neoliberal coa vida mesma. O SARS-CoV-2 é un virus cuxa orixe é complexa, multicausal e sobre o que a día de hoxe non existen resultados concluíntes nin debates pechados.

Posicionamento

Esta breve análise da conxuntura que hoxe estamos a vivir é compartida por persoas e colectivos de ámbitos e territorios diferentes coas que vimos reflexionando e dialogando co propósito de profundar e expandir a proposta dunha educación crítica, unha educación para a transformación social. Consideramos que é urxente promover o saber necesario que nos axude a comprender o contexto local e internacional en toda a súa complexidade; un saber que agrupe teoría e práctica; pensamento, emoción e acción; ético e comprometido; desde abaixo e á esquerda. Un saber que xere un coñecemento útil, transformador e que responda aos intereses de emancipación dunha gran maioría social que se encontra atrapada polas lóxicas e dinámicas do capitalismo, vulnerada en todos os seus dereitos e reprimida polas violentas forzas deste sistema.

Conscientes de que o modelo de desenvolvemento capitalista, heteropatriarcal e colonial é máis insostible ca nunca, propoñemos dunha banda desvelar as narrativas que falan de reactivar a economía e volver á normalidade, e doutra banda transitar cara a alternativas que, fronte ás lóxicas do capital, antepoñan a sostibilidade da vida. O noso posicionamento apunta a esa sostibilidade da vida como sustento da axenda da acción educativa emancipadora.

De feito, o mundo está a cambiar. Xa hai alternativas contrahexemónicas e trátase de explorar estas ao tempo que creamos outras novas:

- Decremento
- Repartimento de traballo
- Democratización da democracia. Democratización da vida social, cultural, educativa e das institucións
- Empoderamento e relacións de poder equitativas
- Inclusión, interculturalidade e empoderamento do local e comunitario
- Economía social, solidaria, feminista
- Corpos e territorios libres de violencias
- Soberanías ecosociais (nas súas vertentes políticas, económicas, culturais, educativas...)
- ...

Os Encontros como proceso cara ao V Congreso EpTS

A situación actual fai urxente formular espazos para o encontro de axentes ao redor do seu papel como suxeitos críticos e para a reflexión centrada en construír outra forma de coñecemento que poña as condicións para pensar que tipo de mundo e que tipo de organización social fará posible a sostibilidade da vida. É un interese que interpela a gobernos e institucións, pero sobre todo cremos que é unha oportunidade para que a sociedade civil organizada desde abaixo constrúa alianzas para disputar a narrativa do capitalismo salvaxe que a educación crítica leva tempo impugnando.

Transcorridos 7 anos desde a celebración do último Congreso de Educación <http://www.congresoed.org> é un momento crucial para formular a organización dun novo evento que permita redefinir colectivamente estratexias que posibiliten comprender e enfrontar os procesos de globalización neoliberal autoritaria en expansión que xeran gran

preocupación entre os sectores críticos. Corren tempos de moita incerteza, e como movemento por unha educación para a transformación social necesitamos enfrontar retos importantes para aproximarnos a un horizonte emancipador baseado en relacións solidarias e igualitarias entre humanos e entre sociedade e natureza.

Esta é a idea fundamental que anima á realización do **V Congreso de Educación para a Transformación Social (EpTS)** que terá lugar en Vitoria-Gasteiz os días 18, 19 e 20 de novembro de 2021 e para cuxa definición consideramos estratéxica a participación activa de distintos suxeitos, actores e territorios, a través da realización de 4 Encontros preparatorios en Euskadi, Galicia, Madrid e Melilla.

Cada un dos Encontros exemplificará un exercicio de *diálogo de saberes* no que traballaremos sobre unha temática de xeito específico, que se conectará coas dos outros territorios de maneira interseccional. Así, abordaremos as seguintes temáticas:

- T1. **A experiencia dos movementos feministas e do movemento de cooperación transformadora.** Encontro Euskadi
- T2. **O enfoque ecosocial, os espazos rurais como territorios de vida.** Encontro Galicia
- T3. **Asociacións de barrio e experiencias de autoxestión, outra mirada dunha vida vivible na cidade.** Encontro Madrid
- T4. **A fronteira sur, os dereitos das persoas migradas e refuxiadas.** Encontro Melilla.

O traballo de cada unha destas temáticas será fundamental para construír a alternativa educativa que dea cobertura a eses discursos e experiencias que xa están a ensaiar suxeitos diversos en diferentes campos. Propoñemos como un dos obxectivos principais do V Congreso EpTS identificar conxuntamente os retos estratéxicos e con maior capacidade crítica que posibiliten construír propostas educativas para a transición emancipadora.

T1. A EXPERIENCIA DOS MOVEMENTOS FEMINISTAS E DO MOVIMENTO DE COOPERACIÓN TRANSFORMADORA (EUSKADI)

A perspectiva de Educación para a Transformación Social que guía este proceso de construción colectiva cara ao V Congreso EpTS asume os discursos e prácticas feministas como parte esencial do seu proxecto emancipador, un proxecto ao que contribuíron tamén os debates sostidos acerca da cooperación para o desenvolvemento.

No primeiro caso, e de cara á influencia que tivo a ampliación do debate feminista na propia concepción da acción educativa, os discursos decoloniais leváronnos a reformular cal debe ser e como se configura o suxeito político con capacidade para emprender -desde unha análise interseccional- a superación da matriz de dominación que opera sobre a vida das mulleres. Así, da man dos discursos feministas, identificamos a falacia de recorrer a categorías binaristas (aplicado ao conxunto da realidade comprendida desde pares de opostos, home-muller, capacitada-discapacitada, branca-negra, rica-pobre, heterosexual-homosexual, desenvolvida-subdesenvolvida, humano-non humano...) ou de utilizar unicamente a análise de xénero para entender a realidade. O ecofeminismo, pola súa banda, permitiunos identificar a ecodependencia e interdependencia como sinais de identidade do humano e afastarnos do progreso indefinido e do crecemento económico que caracterizaron o modelo de desenvolvemento.

No segundo caso, desde a superación dos enfoques máis técnicos e asistencialistas, para propoñer unha cooperación crítica que facilite o encontro entre ONGD e outros colectivos e movementos sociais, cuxa participación se considera ineludible para a construción dunha axenda de solidariedade internacionalista decididamente encamiñada á superación das subordinacións e asimetrías globais. Unha cooperación que formula a importancia de reorientar a súa acción cara ao empoderamento de suxeitos e cara ao establecemento de mecanismos para a articulación e a alianza entre suxeitos necesariamente diversos pero que conflúen en loitas comúns.

Educación, feminismos ou cooperación crítica son ámbitos todos eles que se intersectan, que conflúen e se reforzan ao tempo que desbordan os seus espazos convencionais para xerar aprendizaxes relevantes de cara a actores e experiencias que se pensan e actúan desde a creación alternativa e contrahexemónica.

Queremos recuperar a riqueza do tecido asociativo que se enreda ao redor destes espazos para estimular o establecemento de novas alianzas, novas articulacións que poidan significar futuras redes de traballo e colaboración e para enriquecer o debate que compartiremos no V Congreso EpTS.

Preguntas para a reflexión

Sería interesante que todas as preguntas que seguen as pensásemos desde as súas implicacións epistemolóxicas, para a intervención na realidade, para a creación de propostas de presente e futuro... É dicir, que as pensásemos dunha forma reflexiva coa posición situada que temos como axentes en relación ao coñecemento e a praxe. E todo isto, intentando rescatar e compartir as visións e experiencias diversas producidas en contextos locais e globais.

- Como logramos transitar desde unha visión feminista clásica e liberal a un feminismo diverso, interseccional, decolonial...? Como logramos transitar dunha educación igualitaria e coeducativa á incorporación das achegas das pedagogías feministas? Como pode cambiar ese tránsito a acción e a práctica educativa dos colectivos/organizacións e os axentes educativos?
- E desde o ámbito da cooperación, como logramos transitar da educación para a cidadanía global á educación para a transición? Como mudou ese tránsito a acción e a práctica educativa dos colectivos/organizacións?
- Como tecen ambas as liñas os colectivos feministas e axentes de cooperación? Cal é a repercusión educativa no ámbito do feminismo e da cooperación?
- Como estruturar as redes e relacións no ámbito educativo desde a perspectiva de poñer a vida, unha que mereza ser vivida, no centro?
- Que lugar/papel ocupan os corpos e o territorio nunha educación para a transición emancipadora?
- Que elementos e principios nos permiten interpretar a realidade en clave de transformación social para enfrontar o neoliberalismo depredador e actuar desde o compromiso coas persoas e os pobos máis golpeados por este sistema?
- Que podemos achegar desde o noso enfoque ás temáticas dos outros Encontros?
- Como nos interrogan as temáticas dos outros Encontros aos nosos enfoques?

T2. O ENFOQUE ECOSOCIAL, OS ESPAZOS RURAIS COMO TERRITORIOS DE VIDA (GALICIA)

O enfoque ecosocial axúdanos a pensar criticamente cales poden ser as claves fundamentais para reconstruír outros modelos radicalmente diferentes do que representa o desenvolvemento hexemónico -capitalista, colonialista e heteropatriarcal-.

Fronte á centralidade dos mercados -lóxica de acumulación orientada ao máximo beneficio, crecemento económico, explotación intensiva de persoas e natureza- o enfoque ecosocial busca establecer unha nova relación entre medio humano e medio natural que non pase pola dominación antropocéntrica do primeiro sobre o segundo. Antes ben, procura facernos conscientes dos límites que nos impón o planeta e da vulnerabilidade das vidas humanas e non humanas en calquera que sexa o contexto de referencia.

Desde o recoñecemento de que somos seres interdependentes e ecodpendentes, trátase de asumir un enfoque que incorpora a visión ecosocial e feminista onde o cuidado se concibe como unha condición imprescindible para a existencia humana en sociedades non patriarcais e onde todas as persoas -independentemente da súa identidade sexual, etnia ou condición social- asumen de forma corresponsable esa tarefa imprescindible para a reprodución social.

Esta constatación sitúanos ante o formidable reto de imaxinar outras formas de ser, estar e convivir, de buscar outras formas de produción e consumo, de xerar contornas inspiradas polos principios de xustiza social e ambiental. Trátase de incorporar o enfoque da sostibilidade da vida que mereza ser vivida non só nos marcos teóricos do discurso ecosocial, senón tamén no uso e xestión de bens naturais ou na aplicación de modelos de austeridade acordos cun consumo moderado e responsable.

O debate sobre a vida nos espazos rurais, sobre os impactos dun modelo de produción que está a agudizar a crise ecolóxica e fraxilizando a vida das comunidades nas vilas e aldeas e a experiencia das loitas que sobre estes temas están a protagonizar os movementos sociais e os colectivos ecoloxistas e ecofeministas será central neste encontro.

Por iso consideramos imprescindible contar con colectivos que loitan por recuperar os espazos rurais como territorios de vida e con colectivos ecoloxistas que traballan a sostibilidade desde un punto de vista crítico. Decrecemento, soberanía alimentaria, agroecoloxía, permacultura, comunidade, autoxestión, diversidade, coidados ou bens comúns son xa algunhas das claves que sustentan as experiencias das que queremos aprender educativamente e das que podemos extraer aprendizaxes relevantes de cara ao próximo Congreso.

Preguntas para a reflexión

Sería interesante que todas as preguntas que seguen as pensásemos desde as súas implicacións epistemolóxicas, para a intervención na realidade, para a creación de propostas de presente e futuro... É dicir, que as pensásemos dunha forma reflexiva coa posición situada que temos como axentes en relación ao coñecemento e a praxe. E todo isto, intentando rescatar e compartir as visións e experiencias diversas producidas en contextos locais e globais.

- Como logramos transitar dunha visión de sostibilidade medioambiental a un enfoque de sostibilidade da vida? Como logramos transitar dunha educación ambiental a unha educación de carácter ecosocial? Como pode cambiar ese tránsito a acción e a práctica educativa dos colectivos/organizacións e os axentes educativos?
- Que aprendizaxes xerou a loita polo territorio como espazo de resistencia ao capital?
- Cales son as propostas máis críticas ao actual modelo alimentario? De que colectivos e movementos xorden? De que xeito as integramos e articulamos ao currículo social?
- A que desafíos epistémicos nos reta esta proposta ecosocial baseada no coidado, a interdependencia e unha mirada holística da vida-territorio? E cales son as implicacións para a nosa práctica política?
- Como incorporar os coñecementos que proceden das loitas campesiñas, así como doutros suxeitos (sectores populares, pobos orixinarios...) na súa defensa do territorio e doutra relación coa natureza?
- Que claves nos proporciona a perspectiva ecofeminista para desenvolver novas formas de relación coa natureza e entre as persoas? E en relación á ética dos coidados?
- Que elementos e principios nos permiten interpretar a realidade en clave de transformación social para afrontar o neoliberalismo depredador e actuar desde o compromiso coas persoas e os pobos máis golpeados por este sistema?
- Que podemos achegar desde o noso enfoque ás temáticas dos outros Encontros?
- Como nos interrogan as temáticas dos outros Encontros aos nosos enfoques?

T3. ASOCIACIONES DE BARRIO E EXPERIENCIAS DE AUTOXESTIÓN, OUTRA MIRADA DUNHA VIDA VIVIBLE NA CIDADE (MADRID)

O planeta asolado pola globalización neoliberal, crecentista e heteropatriarcal é cada vez máis un planeta urbanizado. Un sistema de cidades que se deseñan conforme á lóxica centro-periferia. Un centro onde se articula a vida e unha periferia en eterna construción e expansión para albergar barrios ás veces residenciais, pero outras moitas marxinalizados. Núcleos de pobreza e supervivencia, que nos levaron a falar de “planeta de cidades miseria” e da produción en masa desa miseria.

Segundo a Organización das Nacións Unidas, máis da metade dos case 7800 millóns de habitantes do planeta vive en áreas urbanas. Este organismo sinalou que o 54 % da poboación mundial vive en cidades, e na súa proxección cara ao ano 2050, a cifra aproximarase ao 66 % da sociedade mundial. Megalópoles e/ou pequenas cidades, pero o mundo estende a súa urbanización, e a periferización urbana é un proceso acelerado porque a cidade se converte tamén nun espazo de especulación, mercantilización e acumulación de riqueza que reproduce no seu interior local a desigualdade global.

Non obstante, esta concentración das sociedades en áreas urbanas non está transformando as cidades en espazos de maior poder e competencia para a xestión do coidado social e do común como sería desexable. Tampouco as súas estruturas municipais están adaptadas como espazos de participación, negociación e democracia local para os seus barrios e maiorías urbanas, nin como escenarios para o ensaio da acción común e colectiva fronte ao Estado e os axentes que privatizan servizos, espazos e tempos. Dinámica esta que é reflexo dunha tendencia local e global.

As cidades convértense así en espazos para a reivindicación de dereitos, pero tamén para a acción, a aprendizaxe, a conciencia crítica e a emerxencia dunha educación que se constrúe a través de experiencias para a transformación social. Resistencia urbana e participación popular porque a rúa educa e debe ser educada para o público e colectivo.

Nese sentido, para enfrontar a especulación, os desafiuzamentos, a turistificación, a pobreza enerxética vital ou a exclusión, xa hai derivas populares, autoxestionadas e barrializadas de diverso carácter e intensidade. O movemento 15M, asociacións veciñais, iniciativas urbanas de defensa do común, urbanismos feministas, cooperativas, ocupacións, demandas de remunicipalización... Iniciativas diferentes con lóxicas compartidas onde a cultura é creación, educación expandida e sentipensante.

Falamos do dereito a unha cidade educadora e de coidado para todas as persoas e non para os seus grupos de presión urbanos e minorías máis privilexiadas. Pensar as cidades como lugares de empoderamento, investigación e acción política supón unha contribución imprescindible de cara ao V Congreso de Educación para a Transformación Social.

Preguntas para a reflexión

Sería interesante que todas as preguntas que seguen as pensásemos desde as súas implicacións epistemolóxicas, para a intervención na realidade, para a creación de propostas de presente e futuro... É dicir, que as pensásemos dunha forma reflexiva coa posición situada que temos como axentes en relación ao coñecemento e a praxe. E todo isto, intentando

rescatar e compartir as visións e experiencias diversas producidas en contextos locais e globais.

- Como logramos transitar das *democracias de baixa intensidade* cara a outras formas de democracia participativa e radical cuxa construción popular se produce desde abaixo? Como pode cambiar ese tránsito a acción e a práctica educativa dos colectivos/organizacións e os axentes educativos?
- Experiencias como as das asociacións veciñais e as dos espazos autoxestionados crean resistencia e solidariedade, ao tempo que as súas prácticas enfrontan a lóxica do capital. Que achegan desde unha dimensión desmercantilizadora?
- Que vínculos comparten con outras iniciativas que se rexen por principios ecoloxistas, decrecentistas, feministas, de loita pola vida en espazos rurais? Estamos sendo capaces de aglutinar os discursos, experiencias, expectativas e demandas das outras loitas? É dicir, estamos alcanzando a levar a cabo a nosa praxe desde un enfoque interseccional?
- Que elementos e principios nos permiten interpretar a realidade en clave de transformación social para enfrontar o neoliberalismo depredador e actuar desde o compromiso coas persoas e os pobos máis golpeados por este sistema?
- Que podemos achegar desde o noso enfoque ás temáticas dos outros Encontros?
- Como nos interrogan as temáticas dos outros Encontros aos nosos enfoques?

T4. A FRONTEIRA SUR, OS DEREITOS DAS PERSOAS MIGRADAS E REFUXIADAS (MELILLA)

Dous fenómenos están acelerando ao comezo do século XXI movementos de poboacións dos mundos empobrecidos cara ás supostas sociedades enriquecidas, na súa dupla versión de migrantes cara a vidas mellores e persoas refuxiadas que foxen das violencias, ditaduras, guerras e conflitos medioambientais que as elites e intereses da globalización provocan.

Coa extensión das novas tecnoloxías e medios de comunicación a imaxe distorsionada dun norte opulento amplifica o seu impacto sobre comunidades que están a sufrir crises acumuladas por todo o planeta. Crises que provocan situacións de empobrecemento, marxinação e exclusión de poboacións que ven como se rompen os seus ecosistemas e formas tradicionais de vida e supervivencia tanto no ámbito rural como nas cidades e periferias urbanas. Por contraste, como sempre ao longo da historia, esta dupla realidade aumenta as expectativas e esperanzas de busca de mellores condicións para cada persoa, familia e comunidade, alá onde se crea que se pode vivir e ter presentes e futuros máis dignos. A migración aparece así como solución posible para encontrar mellores condicións de vida.

A converxencia de problemáticas que desencadea o modelo de desenvolvemento dominante multiplica as demandas de asilo e refuxio por parte dun número cada vez maior de persoas que soportan nos seus corpos e territorios todo tipo de persecucións (sexa por causas étnicas, relixiosas, políticas, identitarias, de orientación sexual...) que desembocan en moitas ocasións en conflitos de extrema violencia.

Non obstante, as políticas que despregan tanto Europa como o propio Estado español dentro dela, non se orientan á solidariedade, á acollida, senón máis ben ao reforzo desa Europa fortaleza que ve no Mediterráneo e na fronteira sur a estratexia para conter a chegada de persoas migrantes e/ou refuxiadas que chaman ás súas portas a través de perigosos e mortais tránsitos na busca de traballo, asilo e refuxio.

Unha resposta que non é exclusiva de Europa, senón que se reproduce no conxunto dun Norte global que acumula unha riqueza resultante da súa historia colonial e da explotación sistemática de territorios e poboacións. A permanencia de prácticas neocoloniais agrava o empobrecemento do Sur global, desencadea unha multiplicidade de violacións de dereitos para as súas comunidades e empurra as súas xentes –como migrantes, como demandantes de refuxio- a deixar atrás as súas raíces para finalmente frustrar as súas esperanzas contra as murallas.

Muros reais, pero tamén simbólicos que estenden mensaxes racistas e xenófobas que nos presentan aos outros como culturas inferiores, perigosas e violentas, incapaces de convivir en “sociedades democráticas” como as nosas. A extensión do medo e a ameaza mediante discursos simplistas (quítannos o traballo, aprovéitanse das axudas, son delincuentes...) cala nun sector da cidadanía previamente despolitizada pola cultura do espectáculo e do hiperconsumo. Pero ao mesmo tempo activa a mobilización social que denuncia a hipocrísia dunha política que, non obstante, non dubida en botar mano da poboación migrante, á que se ofrecen traballos precarios cando as esixencias do mercado así o requiren.

A invención de motivos para o medo non ten límites para que aceptemos e aprendamos que é culturalmente aceptable pechar as portas e que isto non vulnera, cando é así, e brutalmente,

os dereitos humanos. E que esquezamos que tamén nosoutras, noutros momentos, fomos migrantes e refuxiadas cando sufrimos persecucións, pobreza e vulneración de dereitos.

É por isto un reto fundamental reivindicar a memoria histórica, reforzar e defender os dereitos de asilo, acollida e migración e tamén de inclusión intercultural. Temos por diante o desafío educativo de considerar o encontro como a posibilidade da mestizaxe, para despoxarnos da nosa pegada colonial, para aprender doutras epistemoloxías, outros saberes, outras prácticas imprescindibles para transitar cara a *un mundo onde caiban moitos mundos*.

Preguntas para a reflexión

Sería interesante que todas as preguntas que seguen as pensásemos desde as súas implicacións epistemolóxicas, para a intervención na realidade, para a creación de propostas de presente e futuro... É dicir, que as pensásemos dunha forma reflexiva coa posición situada que temos como axentes en relación ao coñecemento e a praxe. E todo isto, intentando rescatar e compartir as visións e experiencias diversas producidas en contextos locais e globais.

- Como logramos ampliar a nosa mirada sobre os dereitos para pasar da visión máis restritiva e liberal, propia de occidente, a outra que garanta a dignidade da vida desde a diversidade de suxeitos, culturas e territorios? Como pode cambiar ese tránsito a acción e a práctica educativa dos colectivos/organizacións e os axentes educativos?
- Que aprendizaxes está a xerar a loita polos dereitos das persoas migradas e refuxiadas? Como están a enfrontar a retórica dos gobernos en materia de dereitos humanos que o único que contempla son políticas de estranxeiría e peche de fronteiras?
- A que desafíos epistémicos, culturais e educativos nos enfronta esta involución cultural cargada de discursos profundamente xenófobos, islamófobos, machistas, homófobos, racistas...?
- Cal é o suxeito que recoñecemos cando falamos de persoas refuxiadas e/ou migradas? Que realidades e necesidades están sendo desatendidas? Como romper coas lóxicas coloniais, heteropatriarcais dos nosos discursos que garantan dereitos humanos para todas as persoas?
- Que oportunidades contemplamos para cambiar radicalmente as políticas comerciais e extractivistas de materias primas e recursos manufacturados nos países empobrecidos?
- Que elementos e principios nos permiten interpretar a realidade en clave de transformación social para enfrontar o neoliberalismo depredador e actuar desde o compromiso coas persoas e os pobos máis golpeados por este sistema?
- Que podemos achegar desde o noso enfoque ás temáticas dos outros Encontros?
- Como nos interrogan as temáticas dos outros Encontros aos nosos enfoques?